

Vigo, 28 de Decembro de 2018.

Á atención de **tódolos Clubs,**

Publícase na páxina web www.fegaxa.org toda a información da Liga Galega por equipos de Club 2019 (calendarios, locais de xogo, capitáns, modelos de actas para os encontros, etc.).

Atendendo ao artigo 4.9 do Título VIII do Regulamento Xeral de Competicións da FEGAXA: "Os Deportistas deberán ir provistos da súa ficha federativa e mostrala se así llo solicitasen, ao árbitro, delegado federativo, delegado de equipo ou rival". A licenza só será válida acompañada do DNI ou documento acreditativo da identidade do titular. Infórmase que este artigo aplicarase tamén ás competicións oficiais (Campionatos Provinciais, Campionatos Galegos, ...).

Lémbrese que as Roldas deberán comezar ás 17:00 horas.

Tamén publícanse as instrucións para levar a cabo o rexistro das Actas a través da Web. O prazo máximo para o **REXISTRO** por parte do equipo local e **CONFIRMACIÓN** por parte do equipo visitante do acta do encontro son os **martes despois da disputa do encontro ás 19:00 horas.**

O Regulamento da Liga Galega de Clubs atópase na sección "Regulamentos" da páxina Web: www.fegaxa.org, no Título VIII do Regulamento Xeral de Competicións da FEGAXA.

Todo xogador para competir na Liga Galega por equipos de Club 2019 **deberá estar correctamente federado e alineado a traves do programa XEFEGA.** A partir do 1 de Xaneiro de 2019 o estado "FEDERADO" terá que ser confirmado pola federación, por tal motivo, previamente terá que ter abonada a cota da licenza e dado de alta no seguro deportivo correspondente.

Pregamos que se envíe notificación, das novas incorporacións, por e-mail (fegaxa@fegaxa.org) cá copia do/s ingreso/s, debendo ter entrada na Federación antes das 12:00 horas dos venres anterior de cada rolda para poder realizar ditas xestións, sempre respetando o prazo máximo de alineacións das 48 horas antes da 6ª rolda.

Se dito xogador non se atopa federado e alineado correctamente có seu abono da licenza terase en conta como unha alineación indebida.

Moitas grazas e saúdos,



Raquel Calleja

Raquel Calleja
Federación Galega de Xadrez

FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ REXISTRO XERAL	
ENTRADA n.º	
SAIDA n.º	248
DATA:	28/12/2018